

A profesionalización nos equipamentos de educación ambiental en España vista desde dentro

Professionalization in environmental education facilities in Spain view from inside

Clotilde Escudero, Miquel F. Oliver e Araceli Serantes. Seminario de Equipamentos de Educación Ambiental do CENEAM (España)

Resumo

A profesionalización é un dos temas que máis debates e reflexións despertou na última década no territorio español. O Libro Blanco da Educación Ambiental en España recomenda impulsar o recoñecemento profesional das e dos educadores ambientais. Desde os Seminarios Permanentes do CENEAM fixéronse distintas revisións e propostas, sempre desde a perspectiva temática do seminario. No de Equipamentos de Educación Ambiental acordouse realizar un estudo de ámbito estatal, no que se recollera o parecer tanto dos profesionais que estaban a traballar nos equipamentos, como dos responsables das distintas administracións. Neste artigo preséntanse os obxectivos, a metodoloxía e as conclusións de dito estudo.

Astract

Professionalism is one of the topics that sparked debate and reflection on the past decade in the Spanish territory. The White Paper on Environmental Education in Spain recommended boost and professional recognition of environmental educators. From the Permanent Seminars CENEAM various revisions and proposals were drawn up, always from the perspective of the seminar topic. The Environmental Education facilities was agreed to conduct a study of state level, in which the views of both professionals who were working on the centre, as the heads of the various administrations pick. The objectives, methodology and conclusions study presented in this article.

Palabras chave

educación ambiental, equipamentos de educación ambiental, profesionalización, estudo

Key-words

environmental education, environmental education facilities, professionalism, study

Introdución: o Programa de Seminarios Permanentes do CENEAM

O Programa de Seminarios Permanentes nace no ano 1999, promovido polo Organismo Autónomo de Parques Nacionais e desenvolvido polo CENEAM¹. O seu obxectivo é crear foros permanentes de aprendizaxe entre iguais, para intercambiar experiencias, contrastar ideas, reflexionar en común, colaborar en proxectos... arredor dalgunha das temáticas ambientais que despertan maior interese por parte de diversos colectivos relacionados coa educación ambiental (EA): educadoras e educadores, persoal técnico e de xestión, investigadores, sector empresarial, asociacionismo etc. O *Libro Blanco para la Educación Ambiental* (COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999:107) xa propuña “*crear foros de encontro e de debate específicos sobre o sector*”.

Ainda que no ano 2012 estaban a funcionar 15 Seminarios ou grupos de traballo, na actualidade funcionan 13², cada quen cunha dinámica propia, así como con obxectivos, axendas, metodoloxías e

propostas de traballos específicos. Mais todos teñen en común a celebración dun encontro anual (moitas das veces nas instalacións do CENEAM), xa que logo, este traballo presencial permite revisar as axendas anuais e programar novos retos.

Pola súa banda, o *Seminario de Equipamentos de Educación Ambiental* xurde no ano 2002, a raíz da celebración dun curso sobre “*Calidade nos Equipamentos de Educación Ambiental*” coordinado por Araceli Serantes e Óscar Cid, dentro do programa de formación que promove o CENEAM, e atendendo a unha das recomendacións do Libro Blanco: “*Fomentar o establecemento sistemático de criterios de calidade en todas as iniciativas de EA desenvolvidas*” (IBIDEM, 1999:108).

En outubro do 2004 será a primeira reunión do Seminario no CENEAM. O seu obxectivo inicial era abordar o tema da calidade como centro de debate, reflexión e intercambio de experiencias entre profesionais do sector e investigadores. As persoas que participan desde entón son profesionais dos equipamentos e persoal técnico da administración que veñen representando a súa Comunidade Autónoma³, así como investigadores.

1 CENEAM é o Centro Nacional para a Educación Ambiental. Trátase do centro de referencia a nivel Estatal. <http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/>

2 <http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/grupos-de-trabajo-y-seminarios/>

3 O sistema de ordenamento do Estado español desde a Constitución de 1978 é en “Comunidades Autónomas” que están dotadas de autonomía lexislativa, competencias executivas e facultade de administrarse. Na actualidade consta de 17 Comunidades Autónomas e 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).



Foto 1 e 2: Membros do Seminario de Equipamentos nas convocatorias de Oencia-León (2006) e Parque Rural de Teno-Tenerife (2007)

Desde o primeiro Seminario detectouse como unha das debilidades do sector a falta de profesionalización que, supuñan, viña dada pola escasa formación pedagóxica, pola necesidade de especializarse e reciclarse, pola insuficiente formación en xestión e por problemas de índole laboral, especialmente os derivados da forte estacionalidade da demanda (moitos centros funcionan só uns meses ao ano). Neste sentido, desde o Libro Blanco recoméndase *“impulsar o recoñecemento profesional dos educadores ambientais como técnicos cualificados para a planificación, execución e/ou avaliación de programas de EA”* (IBIDEM, 1999:108).

A partir da segunda convocatoria, plantéxase celebrar os Seminarios nos propios equipamentos de EA, cunha dobre finalidade: seguir avanzando no traballo conxunto e coñecer distintas experiencias que están a funcionar. Non sempre foi posible por falta de apoio económico nas Comunidades que asumiron o reto de ce-

lebrar algunha convocatoria, polo que se seguiu celebrando algún deles no CENE-AM. Estes son os equipamentos anfitrións dalgún dos seminarios: Centro de Turismo Rural e Educación Ambiental O Seixón do Pan (Oencia-León), Albergue Rural O Bolico (Tenerife), Granja Escuela Huerto Alegre (Granada), Centre d’Ecoturisme i Formació El Taularet (Valencia), e o CEIDA (A Coruña)

Nas distintas convocatorias ían xurdindo ideas e debates en torno ao maior peso social que os profesionais deberían adquirir, á posibilidade de plantexar reivindicacións comúns como sector (laborais, sindicais, formativas...), á urxencia de enfrontarse co intrusismo no sector, á necesidade dunha comunicación máis fluida e eficaz coas persoas usuarias, e cos responsables das administracións.

Tamén nalgunha das convocatorias presentáronse resultados de estudos ou achegamentos dalgunha das Comunida-



Foto 3: Membros do Seminario de Equipamentos na convocatoria no CENEAM (2012)

des Autónomas, o que puxo sobre a mesa a necesidade de coñecer o sector de forma global, permitindo ao tempo, coñecer os rasgos distintivos de cada unha das autonomías.

Comezou este traballo no ano 2008 co debate do primeiro borrador de enquisa para o estudo conxunto, que se revisou na seguinte convocatoria, na que tamén se acordou quen ían ser as persoas destinatarias (profesionais e persoal técnico das Administracións Públicas). Tres grupos de traballo elaboraron a última versión: o primeiro definiu os obxectivos, a planificación e os documentos da investigación; o segundo revisou o cuestionario dirixido ao persoal da administración, e o terceiro o destinado aos profesionais dos equipamentos.

As enquisas foron enviadas dende remates do 2009 até principios do 2010. No Semi-

nario do 2010 presentáronse os primeiros avances e se discutiu e acordou como interpretar e presentar os datos. A interpretación final de cada apartado foi elaborada por al menos dous compoñentes do Seminario, polo que dalgunha forma recollen os datos obxectivos mais tamén as súas opinións, que non teñen que ser compartidas por todo o Seminario.

Quen son os equipamentos de educación ambiental no Estado español

No marco deste Seminario chegouse a un acordo de definición para os equipamentos de educación ambiental: *“aqueles centros que contan cunhas instalacións estables con finalidade educativa, que teñen como actividade principal desen-*


volver programas e proxectos específicos de EA e un equipo cualificado para o desenvolvemento do mesmo” (Araceli SERANTES, 2007:54). Con esta definición establecíanse tres elementos como eixos vertebradores: as *instalacións*, os *programas educativos* e o *equipo educativo*. Na actualidade son moitos os colectivos que defenden amplialos até sete; ademais dos tres anteriores, os *recursos e instrumentos* cos que se desenvolven os programas, a atención ás características e necesidades das *persoas usuarias*, o *modelo de xestión* do centro (coherente desde o punto de vista social e ambiental) e os procesos de *avaliación* presente en todos e cada un dos ámbitos. Ademais, considérase que os equipamentos son iniciativas que se encadran no ámbito da educación *non formal* e que deben ser *heteroxéneos*, xa que respontan a modelos e obxectivos tan diversos como son as problemáticas as que se afrontan (Araceli SERANTES, 2011) (Figura 1).

Os primeiros equipamentos no Estado español xurden a finais dos anos 70, e durante a realización deste estudo estimábase que estaban a funcionar máis de 1000

iniciativas no territorio (Clotilde ESCUDERO, 2010).

Ao ser tantos e tan diversos, desde o Seminario defendeuse a necesidade de propor unha tipoloxía que permitira agrupalos segundo a súa natureza, contidos, actividades, metodoloxía e finalidade, obviando o seu nome, xa que coa mesma denominación atópanse ofertas moi diferentes. O fin da proposta sería unha posible regulación do sector, e concrétase en 5 categorías:

- **Granxa-Escola:** os equipamentos que utilizan o medio rural como contexto para comprender e vivenciar as interrelacións entre as persoas e seu contorno, así como o traballo na horta e cos animais domésticos; comprométese coas prácticas agropecuarias sostibles.
- **Aula/Centro Ambiental:** aqueles nos que o contorno (natural, rural, urbano), seus recursos ou as consecuencias do seu uso son o seu centro de interese, a través de actividades de interpretación, talleres e itinerarios que favorecen o desenvolvemento de comportamentos sostibles.



Gráfica 1: Elementos que caracterizan aos equipamentos de educación ambiental (A. SERANTES, 2011).

- **Centro de Interpretación/Visitantes:** asociados a espazos ou recursos de valor patrimonial. Ofrecen diversas estratexias comunicativas como exposicións, maquetas, audiovisuais, recursos interactivos e publicacións para facilitar a comprensión e sensibilización.
- **Centros de referencia:** sua función principal é xerar e coordinar accións de EA, a través da formación de formadores, técnicos e decisores, a divulgación de experiencias e boas prácticas, o asesoramento pedagóxico de proxectos, o apoio de grupos de traballo e a xestión de información a través dos seus centros de documentación ambiental.
- **Museos “para a EA”:** a súa función habitual de conservación de coleccións, investigación e divulgación, añaden unha serie de proxectos con obxectivos propios da EA (Araceli SERANTES, 2007:54) (Táboa 1).

Na actualidade cada Comunidade Autónoma está a utilizar distintas tipoloxías de equipamentos, o que dificulta enormemente a posibilidade de identificar, diagnosticar e ordear as distintas propostas. Un dos retos pendentes para o sector sería o de acordar criterios homoxéneos de catalogación e tipificación para todo o Estado, de cara á regulación do sector.

CATEGORIA	TIPO DE CENTROS
Granxa escola	Granxa escola, vila escola, horto demostrativo, viveiro...
Aula/centro ambiental	aula da natureza, do mar, urbana, de enerxía, activa; centro de reciclaxe, de educación ambiental; albergue da natureza, campo de aprendizaxe...
Centro de interpretación /visitantes	centro de interpretación, de visitantes, de información, museo/casa das ciencias...
Centro de referencia	CENEAM, INGURUGELA-CEIDA, CEAV, CRANA, CEIDA, PRAE-CRA...
Museos para a educación ambiental	Ecomuseo, museo etno-gráfico, parque temático, zoolóxico, xardín botánico, acuario, aviario...

Taboa 1: Categorias na tipoloxía de equipamentos proposta polo Seminario Permanente de Equipamentos de Educación Ambiental (A. SERANTES, 2007:54).

O binomio profesionalización e educación ambiental

Tradicionalmente, as profesións enténdense como ocupacións laborais que esixen un período de formación e aprendizaxe antes de exercerlas de forma autónoma. Mariano FERNÁNDEZ ENGUIA (1990:149) considera que os profesionais son un colectivo de persoas autorregulado e que traballan no mercado nunha situación de privilexio, xa que a lei lles recoñece unha serie de competencias en exclusividade. Fronte a outro tipo de traballadores, os profesionais

son autónomos no seu traballo e non están sometidos a unha regulamentación externa. Pola súa banda Thomas POPKEWITZ (1990:106) considera que ademais deben gozar da confianza pública que lle concede un determinado estatus social.

Existen diferentes corrientes sociolóxicas que analizan o concepto de profesión desde distintas perspectivas. As consideracións máis significativas son tres: (i) a *profesión como ideoloxía*, enfoque neo-webwriano ou modelo de profesión como proceso; (ii) a *profesión como proletarización* ou enfoque neo-marxista; e (iii) a *profesión como conxunto de características ideais* ou modelo fásico, estrutural funcionalista ou da lista de verificación (Miquel F. OLIVER, 2007: 41-76). É o último o que máis ten influído á hora de determinar que é unha profesión; esta debe reunir unha serie de características, criterios, rasgos ou atributos que a conforman, dos que podemos destacar:

- ocupación a tempo completo
- fundaméntase a acción nun saber especializado
- seus membros organízanse en asociacións
- posúen regulamentos e códigos éticos
- son autónomos e controlan o acceso á profesión
- existe unha avaliación de competencias profesionais.

Stan LESTER (2010) considera que a crise de profesións de finais do século XX dé-

bese á falta de satisfacción das demandas da nosa sociedade debido a unha visión tecnocrática dos coñecementos profesionais. Esta crise cuestiona cal debe ser a formación inicial do desenvolvemento profesional, e lévanos dun *modelo técnico e racional* a outro de *reflexión interpretativa e creativa* que pon maior énfase na capacidade e na competencia para afrontar os retos diarios, e no que a aprendizaxe é mediante a reflexión e a acción.

Por tratarse dunha profesión moi recente, as educadoras e os educadores ambientais, a falta dunha formación inicial, teñen xerado de forma natural unha reflexión sobre a práctica, creando corpos de coñecemento empíricos. A traxectoria práctica/reflexiva ben dada pola necesidade de dar resposta ás demandas sociais e a falta dun curriculum unificado.

Recentemente, no Estado español tense regularizado un proceso formativo inicial de carácter profesional que non resposta ás expectativas do sector. Para Edgar GONZÁLEZ GAUDIANO (2002) estas regulacións son un síntoma dos procesos de institucionalización da EA; para este autor a institucionalización ten certos beneficios (o control) mais tamén moitos perxuízos (ás veces impon criterios en contra das necesidades do sector). Mais é o colectivo da EA quen debe construír seu profesionalismo, dando resposta á demanda de servizo da súa sociedade: é imprescindible que o propio sector participe no proce-

so de creación da profesión. E moito máis neste ámbito no que cada profesional vai construíndo seu propio itinerario a través da experiencia laboral e a formación permanente.

Algunhas datas a recordar

- 1985 Créase en Cataluña a primeira asociación de EA do Estado: Societat Catalana de Educació Ambiental-SCEA
- 1999 Primeiro Encontro Estatal de Asociacións de EA no CENEAM
- 2000 Creación do Seminario Permanente de Asociacións da EA, no que un dos temas principais será a profesionalización
- 2006 VII Encontro de Asociacións de EA en Valencia co título “A Profesionalización do Educador Ambiental”
- 2007 I Jornadas Estatales de Profesionalización en EA
- 2011 O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais recolle a cualificación profesional de Interpretación e Educación Ambiental e establécese o certificado de profesionalidade.

Plantexamento da investigación

No IV Seminario de Equipamentos, celebrado no Albergue de Bolicó (outubro de 2007, Tenerife) decidiuse deseñar un estudo para analizar a situación dos profesionais dos Equipamentos de EA en España.

Os obxectivos que se perseguían foron:

1. Coñecer a situación profesional dos profesionais dos equipamentos.
2. Coñecer a través do persoal da administración con responsabilidades sobre os equipamientos as posibilidades de profesionalización do sector.
3. Concretar o perfil profesional dos educadores e educadoras nos equipamientos.
4. Contribuir ao desenvolvemento da identidade profesional.
5. Posibilitar a consolidación dun colectivo profesional competente para afrontar as novas demandas sociais respecto da EA.
6. Elaborar propostas de solución dos problemas e de mellora da situación profesional.

No estudo preténdese coñecer a opinión de dous grupos de informantes: (i) os traballadores e traballadoras dos equipamentos de EA e (ii) o persoal da administración con responsabilidade nos equipamentos. Ao non existir un censo nin rexistro dos profesionais, optouse por utilizar a metodoloxía dos *informadores chave*⁴ (key informants) tal e como recomendan WITKIN & ALTSCHULD (1995), WITKIN (1984), MCKILLIP (1987) e SAGE. BUTLER & HOWELL (1980) entre outros, por tratarse dun análise de necesidades para un colectivo concreto. A meto-

4 Un informador chave é calquera persoa que poda facilitar información detallada ou opinións baseadas no coñecemento dun tema ou problema.




Foto 4: Portada do libro que recolle o estudo.

doloxía de recollida da información foi a enquisa, realizándose dúas versións, dirixidas a cada un dos grupos de informantes.

A proposta de cuestionarios foi presentada no V Seminario, na Granxa Escola Huerto Alegre (outubro de 2008, Granada), e aprobada por 34 persoas (representantes da administración, equipamentos, empresas e universidade). Acórdase realizar unha proba de aplicación a 10 educadores e a 5 representantes da administración para validar o instrumento. As enquisas finais, nas que se incorporaron as aportacións do grupo de proba, foi validado por 26 especialistas no VI Seminario, celebrado no Centre de Formació i Ecoturismo El Teularet (outubro de 2009, Valencia). Na Táboa 2 sintetízanse as súas características.

TRABALLADORES	PERSONAL DA ADMINISTRACIÓN
Dirixido a...	
<ul style="list-style-type: none"> • Educadoras e educadores dos EqEA • Coordinadores, xestores dos EqEA • Outros traballadores dos EqEA relacionados coa EA 	<ul style="list-style-type: none"> • Personal da Administración con responsabilidade nos EqEA
Bloques de preguntas	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Datos do EqEA 2. Datos personais 3. Situación laboral 4. Expectativas, promoción e futuro laboral 5. Profesionalización e recoñecemento laboral 6. Nivel de implicación, participación e autonomía 7. Formación 8. Implicación en movementos asociativos 9. Observacións e suxestións 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Datos da administración 2. Datos personais 3. Estado dos EqEA 4. Formación e experiencia dos educadores ambientais 5. Profesionalización e recoñecemento social 6. Problemática da profesión 7. Implicación en movementos asociativos 8. Observacións e suxestións


Taboa 2: Características dos dous tipos de cuestionarios: os enviados aos profesionais e os enviados aos responsables das Administracións con competencias en EA.

As enquisas foron administradas on-line, de forma anónima, entre novembro do 2009 e abril do 2010. Os datos foron tratados mediante o paquete estatístico SPSS. O libro cos resultados foi editado polo Organismo Autónomo de Parques Nacionais no 2013⁵.

5 Pódese descargar na seguinte ligazón: <http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/recursos/materiales/equipamientos-ea-calidad-profesionalizacion.aspx>

Os informadores chave e as súas circunstancias

Os membros do Seminario elaboraron un listado de 49 *persoas da administración*, de 12 Comunidades Autónomas para actuar como informadores chave dun dos bloques; a porcentaxe máis elevada de enquisas validadas resposta á Administración Autónoma (Gráfica 2). As persoas que respostaron foron sobre todo o persoal técnico responsable da área (46,9%) e os Xefes de Servizo ou Área (28,6%).



Administración	Frecuencia	%
Autonómica	30	61,2
Central	2	4,1
Municipal	9	18,4
Provincial/Insular	8	16,3
Total	49	100,0


Gráfica 2. Porcentaxe de enquisas da Administración validadas, segundo o ámbito da Administración.

A maior parte recoñecen non ter responsabilidade directa no ámbito dos EqEA, polo que descoñecen os modelos de xestión, os concursos e as medidas concretas, como subvencións, contratos ou programas. Están implicados na oferta formativa dos traballadores, aínda que recoñecen

que é inferior á ofertada por outras entidades; valoran sobre todo os cursos de tipo metodolóxico (modelos de ensinanza, técnicas de comunicación, resolución de conflitos...) fronte a outras destrezas.

Para recoller información relativa aos traballadores, fíxose un listado con 183 EqEA considerados como representativos, e convidouse aos seus traballadores a contestar a enquisa. En total *participaron 394 profesionais*, dos que 287 foron válidos. O 68% dos informadores foron mulleres, de 26 a 40 anos (62%), de practicamente todas as Comunidades Autónomas (excepto da Rioja e Castela-A Mancha) (Mapa 1).

O 80,8% dos informadores tiñan formación universitaria, ademais de formación específica no ámbito da EA: o 56,1% realizaron cursos de máis de 50 horas e o 14% conta cunha especialización universitaria (Master ou Posgrao). As entidades nas que se especializan son fundamentalmente os Cen-



Mapa 1. Porcentaxe de participación por Comunidades Autónomas



Mapa 2. Número de entidades que se formaron as educadoras e educadores por Comunidade Autónoma, sinalando a entidade formativa de referencia

tros de Referencia das Comunidades Autónomas, e en menor medida, as Consellerías con competencias na materia (Mapa 2). Nos 3 últimos anos participaron en 445 cursos; o curso “tipo” sería de 30 horas de especialización en EA ou sobre recursos para a EA (métodos de participación, dinámica de grupos, habilidades sociais etc.). O 50,2% dos informantes traballaban como educadores e o 33,8% como coordinadores nos EqEA. O 46% levaban traballando menos de 5 anos no EqEA actual, e o 36% tiñan experiencia de ter traballado noutros.

Respecto aos equipamentos, o 66,9% desenvolven a súa función nun centro de carácter público, máis 2/3 destes están contratados por unha empresa que xestionan o EqEA a través dun concurso, polo que a propiedade da instalación é dunha Administración, máis a xestión a leva unha

pequena empresa. Estes centros traballan habitualmente con alumnado de Educación Primaria, e en menor medida co de Educación Secundaria e Público Xeral.

No 50,2% dos centros están a traballar 2 ou 3 educadores. O 31% o fan con ratios de 21 a 25 usuarios por educador; o 37,2% con ratios inferiores a 20. A maioría están ou con contratos temporais (o que dura un programa ou o período de xestión, sempre inferior a 4 anos), ou con contratos indefinidos (Gráfica 3); unha porcentaxe moi alta (53,2%) teñen contratos ou bolsas de menos dun ano. O 86,8% manifesta o seu desexo de seguir traballando no centro.

Os profesionais da EA ao non contar cun convenio colectivo propio, acóllense a convenios de empresa (15%), da ensinanza non reglada (12,9%) ou da animación e in-




Gráfico 3. Tipoloxía de contratación dos profesionais nos Equipamentos de EA

tervención social (9,1%); só un 17,8% non contan con convenio. A maior parte están contratados coa categoría profesional de “persoal especializado” ben con titulación superior (22,7%), ben con media (13,2%). Son moitos os que pertencen a asociacións de EA (71%), mais é reducido o número que participa activamente (17,80%).

Algunhas conclusións

O formato dos Seminarios Permanentes é de grande valor para compartir información e experiencias, para debater e propor liñas de acción, para coordinar proxectos, para elaborar estudos e propostas como a que aquí presentamos, mais tamén ten moitos inconvenientes: os encontros presenciais unha vez ao ano demoran moito a toma de decisións e os consensos.

Referido a este estudo cabe destacar os seguintes problemas:

- a interpretación e redacción dos resultados, ao ser persoas con distinta formación e distinta experiencia na investigación, é desigual. Este problema poderíase subsanar cunha maior coordinación, mais requiriría de moita dedicación e tempo, pouco compatible co traballo dos membros do Seminario.
- a falta de financiamento limitou a dedicación e o método para obter os datos (utilizouse unha plataforma on-line), o que dificultou obter unha mostra significativa. Cónstanos que non houbo unha correcta interpretación dalgunha das preguntas, xa que estes formatos non permiten a interacción cos receptores da enquisa.

Os profesionais da educación ambiental, ao tratarse dunha ocupación recente, padecen unha serie de problemáticas de

difficil solución: perfil indefinido, pouco recoñecemento social, heteroxenidade nos campos de traballo, diferente formación inicial etc. Mais ten como valor a experiencia práctica e reflexiva dos seus profesionais. Este estudo intenta reflectir o estado da cuestión no ano 2010, iniciando así un proceso que permitirá facer un seguimento do sector, e tomar decisións colexiadas.

Segundo este estudo, son as Comunidades Autónomas as que promoven a maior parte dos EqEA. Moitos están xestionados por empresas privadas, a través de convenios, o que resulta preocupante ao carecer de regulamentación e instrumentos para garantir o correcto funcionamento. Este podería ser o primeiro dos retos: *crear un rexistro de centros a nivel estatal e autonómico que permita ordear o sector.*

O perfil-tipo dun profesional dos EqEA é *“unha muller menor de 40 anos satisfeita co seu traballo, cun alto nivel de cualificación e menos de 6 anos de traballo nun equipamento público de xestión privada, cun equipo de 2-3 persoas mais unha persoa de dirección, cun contrato por obra ou servizo polo que recibe entre 901-1200€. Traballa con colectivos en idade escolar, en grupos de 21-25 persoas”*. O estudo demostra que máis da metade dos profesionais teñen contratos de menos dun ano e non contan cun convenio colectivo propio. A maior precariedade dase na cobertura de prestacións (un tercio non contan con seguro de accidentes nin de responsabilidade

de civil; o 9,4% non ten cubertas as feiras). *É preciso concretar un regulamento laboral específico para que non existan abusos e precariedade no sector.*

O 56,% dos traballadores reciben un salario entre 570 e 1200€, o que en España se denomina como “mileuristas”. Un 2,8% recoñecen estar percibindo menos do salario mínimo interprofesional (570€). A percepción dos problemas de precariedade laboral, inestabilidade e a temporalidade laboral é maior nos administradores que nos propios traballadores. É imprescindible revisar e adaptar as condicións laborais no sector, axustando os salarios á formación dos profesionais, aos horarios e a dedicación. Esíxese aos profesionais a ter unha elevada cualificación, máis as retribucións polo seu traballo non corresponden co nivel formativo: outro reto é mellorar as condicións laborais.

As entidades que ofertan formación especializada son fundamentalmente algún Servizo do Goberno Autonómico (29%) ou un centro de referencia (17%) (Gráfica 4). O papel das Asociacións de EA (3%) e do propio EqEA neste ámbito é reducido. As educadoras e educadores deste estudo consideran moi importante a formación inicial por parte dos centros, e valoran a figura dun “titor” que acompañe aos noveles ao inicio. *Hai consenso entre ambos grupos para acordar e homologar unha formación especializada e profesionalizante.* En futuros estudos sería interesante




Gráfico 4. Natureza das entidades nas que tiveron unha formación especializada as educadoras e educadores do estudo.

valorar a relación entre oferta de cursos e necesidades dos profesionais.

Os profesionais denuncian o “intrusismo” no sector, mais desde a Administración son mais reacios a recoñecelo, basándose no baleiro en canto a regulamentación previa e formación inicial requirida que os identifique como profesionais. Recoñecer este traballo como unha profesión regulada significaría mellorar as condicións laborais e a estabilidade, polo que se valora como moi positivo a creación dunha Asociación ou Colexio Profesional. Moitas das persoas enquisadas afirman estar asociadas mais non participan activamente na súa asociación, o que contrata coa percepción de que as asociacións de EA poden mellorar as condicións laborais, aumentar a calidade das actividades e dos centros. Os profesionais das administracións teñen unha visión máis positiva da capacidade das asociacións de EA –para mellorar as condicións profesionais e a calidade dos equipamentos– que os propios

educadores. En próximos estudos habería que afondar nesta aparente contradición: *a que se debe a falta de implicación na vida asociativa, se pertencer a un asociación pode axudar na mellora da profesión.*

Ambos colectivos consideran que os problemas externos ao sector non son os prioritarios, aínda que sinalan como relevante a falta de equipamento e financiamento. A percepción desde a Administración é que se trata dun campo limitado e dependente das axudas públicas, polo que os ven como pouco autónomos; desde os profesionais reclámase mais apoio (tamén económico). A carencia de avaliacións e investigación no sector é un motivo de desconfianza por parte dos técnicos da Administración, mais os profesionais reclaman máis recursos económicos para poder aboralos. Neste sentido parece recomendable *establecer alianzas coa Universidade e o persoal investigador.*

Tamén, ven necesario romper coa forte estacionalidade da demanda (concéntrase nuns poucos meses ao ano), para o que é necesario diversificar o tipo de programas e de persoas as que se dirixen os EqEA, que siguen moi centrados na poboación educativa. A maior parte están a traballar cos ratios educador/usuarios establecidos nas normas da súa Comunidade. Os profesionais teñen que desenvolver diferentes funcións no centro, ademais da de educadores (mantemento, limpeza, información,

administrativo...) o que podería influir na falta de recoñecemento social.

Ante os resultados, parece lóxico preguntarse como poden sentirse tan satisfeitos co seu traballo cando as condicións son tan adversas. A resposta é que estos problemas vense compensadas co feito de poder deseñar os propios programas e actividades, coa facilidade de acceder á información que precisan, o feito de traballar en equipo e compartir as distintas funcións, así como poder avaliar o seu traballo e poder mellorar as actividades, é dicir, que *contan con autonomía e apoio por parte dos compañeiros que o convirten nun traballo satisfactorio.*

Os profesionais reclaman maior implicación das Administracións para afrontar todos os problemas sinalados, ben liderando o proceso en solitario, ben de forma conxunta co sector. Os representantes da Administración consideran que deben lideralo os propios profesionais, acompañados polas asociacións ou polos responsables dos equipamentos, e que seu papel podería ser de colaboración. Este sería o último dos retos a sinalar: *acordar o papel que queren e deben xogar as educadoras e educadores, os responsables dos equipamentos e a Administración competente na definición do perfil profesional das Educadoras e Educadores dos Equipamentos de Educación Ambiental.*

Referencias bibliográficas

- COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL (1999): *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- ESCUADERO, Clotilde (2010): "Trinta anos de experiencias en Equipamentos de Educación Ambiental. En Araceli SERANTES, *Equipamentos de Educación Ambiental en Galicia*. A Coruña: XUnta de Galicia-SGEA, pp. 11-16.
- FERNÁNDEZ ENGUIA, Mariano (1990): *La escuela a examen*. Madrid: Eudema.
- GONZALEZ GAUDIANO, Edgar (2002): *Identité et association en éducation relative á l'environnement*. En *Educatiin relative a l'environnement. Regards-Recherches-Reflexions*, nº 3, pp. 127-132.
- LESTER, Stan (2010): *On professions and being professional* [www.sld.demon.co.uk/prof-nal.pdf]
- MCKILLIP, Jack (1987): *Need analysis: Tools for the human services and education*. Newbury Park, CA
- POPKEWITZ, Thomas S. (1990): "Profesionalización y formación del profesorado. Cuadernos de pedagogía, nº 184, pp. 105-110.
- OLIVER, Miquel F. (2007): *La formació per a la docència*. Palma: Edicions Ferrans Sintes.
- SAGE. BUTLER & HOWELL (1980): *Coping with growth: Community needs assessment techniques*. Corvallis, OR: Western Rural Development Center. Caffarella
- SERANTES, Araceli (2007): "Puesta en común y debate de los resultados del Foro DELIBERARA, sobre la definición de <Equipamientos de E.A.> y propuesta de tipologías" en *Carpetta informativa del CENEAM*, diciembre, p. 54.
- (2011): *Equipamentos para a Educación Ambiental en Galicia: análise da realidade e propostas de mellora da calidade*. Tese de Doutoramento. Universidade da Coruña.
- WITKIN, B. R. & ALTSCHULD, J. W. (1995): *Planning and Conducting Needs Assessments: A Practical Guide*. Sage Publications: Thousand Oaks, CA.
- WITKIN, B.R. (1984): *Assessing Needs in Educational and Social Programs*. San Francisco: Jossey-Bass Publishers.



Carlos III. Parque de esculturas na Torre de Hércules (A Coruña-Galiza)

© A.Serantes